



GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NÚÑEZ, voceiro do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta ante o Pleno do Concello de Pontevedra a seguinte PROPOSICIÓN, solicitando que o Concello **ADOpte DE XEITO URXENTE MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E A DEFENSA DAS VIVENDAS E PROPIEDADES NAS PARROQUIAS RURAIS DO SEU TERMO MUNICIPAL.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No verán de 2016 moitas familias das parroquias do rural pontevedrés viron as súas vivendas ameazadas polas lapas. Os incendios forestais máis graves chegaron a arrasar preto de 320 hectáreas en Ponte Sampaio, 70 hectáreas en Bora e outras 30 en Lérez e Verducido. É, xa que logo, obrigado que o Concello actúe decidida e urxentemente para evitar que o pesadelo teña repetición, e mesmo hai lexislación que comina a facelo.

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e mais a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establecen como competencias dos concellos, entre outras: “**Elaborar e aprobar** os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais; **Adoptar** medidas de prevención en terreos da súa titularidade; **Colaborar** cos medios dispoñibles na dirección técnica de extinción, e **Ordenar** a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas”.

Esta lexislación quería dar resposta á vaga de lumes do 2006, e incluíu unha serie de medidas para a protección de bens e persoas baseadas na creación de tres redes de xestión da masa forestal en lugares estratéxicos, onde se ía proceder á modificación e remoción total ou parcial, buscando a ruptura da continuidade horizontal e vertical da biomasa presente. Salientan as denominadas **redes primarias de faixas de xestión de biomasa** (de prevención e defensa, no ámbito municipal e coa función prioritaria de protección dos núcleos de poboacións, das infraestruturas, dos equipamentos sociais, das

zonas edificadas, dos parques e dos polígonos industriais) e mais as **redes terciarias** (nos terreos forestais e zonas de influencia forestal vinculadas tanto ás infraestruturas de uso público como ás infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios).

Sexa por incumprimento das administracións xestoras das infraestruturas, pola lentitude na tramitación administrativa, pola complexidade da propia lei ou pola falta de conciencia cidadá, o certo é que unha década despois é moito o que segue pendente de facer, nomeadamente no referente á eliminación de especies altamente combustibles ou ás contornas dos núcleos rurais. E non parece que no Concello de Pontevedra sexa de axuda o feito de que o seu goberno paralizase a elaboración dun novo **Plan Xeral de Ordenación Municipal**, que podería constituír unha poderosa ferramenta para a planificación física do medio rural, con múltiples posibilidades para unha efectiva ordenación do territorio dirixida á prevención dos lumes forestais.

Convén lembrar que nas últimas décadas o modelo de asentamento do rural pontevedrés veu configurándose de xeito complexo e disperso, concretando as intensidades das edificacións en función de proximidade, da accesibilidade ou mesmo da consolidación de usos tan impropios do espazo rural coma os industriais ou de almacenaxe. Este proceso, agravado polo evidente desfase do Plan Xeral de 1989-1990, conduciu a unha evolución regresiva dos aproveitamentos agroforestais tradicionais e ao incremento das superficies dedicadas a especies de madeira de crecemento rápido, ao abeiro do modelo de monocultivo do eucalipto auspiciado por ENCE, e contra a disposición adicional terceira da Lei de prevención..., onde se avoga pola erradicación das especies arbóreas máis combustibles (eucalipto e piñeiro) e invasoras (mimosa e acacia negra).

Como consecuencia deste “modelo”, o concello de Pontevedra é considerado ZAR (zona de alto risco de incendios forestais) e a clase de lumes que vimos padecendo encádrase no que o Pladiga (Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia) define como de tipoloxía II, referida “a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, se prevé unha ameaza seria dos núcleos de poboación ou das infraestruturas de especial importancia, e o dano forestal esperable é moi importante (pola extensión das lapas ou polas características da masa afectada)”.

En atención a isto, o Concello de Pontevedra desenvolveu iniciativas coma o programa Monte Vivo (en montes en man común, a partir do 2007), o Parque Forestal do Pontillón (en 2010), o proxecto de ordenación da mancomunidade de montes (contratado en 2012 e

aínda non aprobado pola Xunta de Galicia), o Parque Forestal da Fracha (cun total de 735.000 euros consignados nos orzamentos de 2016 e 2017), e o Parque Forestal da Tomba (outros 441.000 euros no orzamento de 2017). Iniciativas saldadas, hai que dicilo, cun balance en xeral insatisfactorio.

O grupo municipal de Marea Pontevedra propón formularmos unha nova escala de prioridades na que, sen renunciar ao valor recreativo do monte, se sitúe nun primeiro plano a protección contra o lume dos núcleos rurais, vivendas e infraestruturas, de xeito que non volvamos vivir episodios coma os do último verán. Ese compromiso exprésase na seguinte

PROPOSICIÓN

1. Instar a Xunta de Goberno Local (XGL) á realización dunha **inspección urxente** do estado das redes primarias de faixas de xestión de biomasa en todo o municipio e requirir, coa maior brevidade, das administracións responsables o cumprimento dos parámetros definidos na Lei de montes de Galicia e mais na Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
2. Instar a XGL á elaboración e tramitación urxente dun **Plan de prevención** de incendios forestais que conteña as accións máis necesarias (silvícolas, organizativas, informativas, educativas ou de calquera outra índole), na loita contra os incendios forestais. En todo caso, abranguerá as pistas, camiños, estradas e montes de titularidade municipal e a definición das redes de faixas secundarias. Incluirá, tamén, unha ordenanza que limite expresamente as plantacións máis combustibles, con referencia especial ao eucalipto.
3. Instar a XGL a poñer en marcha unha **Liña de axudas** para a transformación das contornas de casas e núcleos rurais da totalidade do concello. Habilitarase unha franxa mínima de 50 metros desde as vivendas, ao longo dun trienio, que incluírá plantacións que sirvan de barreira fronte ao lume, iniciativas gandeiras silvopastorís ou cultivos agroforestais harmónicos que, asemade, farán de barreira de protección contra o lume.

Pontevedra, 12 de maio de 2017

O portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra. Luís Rei Núñez